

**EXPEDIENTE DISCIPLINARIO**

Procedemento	Etapa	Actuacións	Responsable	Prazo máximo	Observacións
	INICIACIÓN	<b>Acordo de incoación:</b> neste acordo noméase á persoa instrutora e decídese o tipo de procedemento ( <b>común</b> ou <b>conciliado</b> ). <b>Notificación do acordo de incoación:</b> ao instrutor, ao presunto infractor* e á Inspección Educativa.	Director/a	<b>3 días</b> lectivos (desde que se tivo coñecemento dos feitos)	Haberá que redactar un acordo de incoación por cada infractor/a. <b>Medidas provisionais:</b> a dirección pode establecelas no acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación.
COMÚN	INSTRUCCIÓN	<b>Citacións para entrevistas</b> cos implicados, testemuñas e outros. <b>Entrevistas</b> (constarán en <b>acta</b> ). <b>Proposta de resolución.</b> <b>Citación para o trámite de audiencia</b> , unindo relación dos documentos que figuren no procedemento.	Instrutor/a	<b>5 días</b> lectivos (desde a designación da persoa instrutora)	<b>Incidentes de abstención ou recusación:</b> poden producirse en calquera momento da actuación do instrutor.
		<b>Trámite de audiencia</b> , que deberá constar en <b>acta</b> , incluíndo as posibles <b>alegacións</b> . <b>Traslado de todas as actuacións</b> á dirección.	Instrutor/a	<b>3 días</b> lectivos (desde a recepción da citación)	
	RESOLUCIÓN	<b>Resolución</b> escrita. <b>Notificación da resolución</b> ao alumno/a* e remisión á Inspección Educativa.	Director/a	<b>1 día</b> lectivo para notificar (desde a recepción da proposta da persoa instrutora)	<b>Actuacións complementarias:</b> se a dirección estima feitos ou propón medidas diferentes, citarase ao alumno/a* a nova entrevista e nova audiencia.
<b>Desde que se coñeceron os feitos que deron lugar á incoación ata a notificación da resolución haberá un máximo de 12 días lectivos. Se o procedemento caduca haberá que iniciar, desde o principio, un novo procedemento.</b>					

\* E representantes legais, se procede.



**REVISIÓN (só a instancia do alumno/a\*)**

Procedemento	Etapa	Actuacións	Responsable	Prazo máximo
COMÚN	REVISIÓN	Solicitude de revisión.	Alumno/a*	2 días lectivos para facer a solicitude de revisión (desde a recepción da resolución)
		Emisión do informe de revisión.	Consello escolar	
		Nova resolución (que acepta ou rexeita a revisión). Notificación da nova resolución ao alumnado* e á Inspección Educativa.	Director/a	

\* E representantes legais, se procede.

**PROCEDEMENTO CONCILIADO**

Procedemento	Etapa	Actuacións	Responsable	Prazo máximo	Observacións
CONCILIADO	INSTRUCCIÓN	Citación a unha reunión entre as persoas afectadas, o instrutor/a e o mediador/a. A través desta citación a persoa mediadora darase por nomeada (o mediador non substitúe ao instrutor, senón que colabora con el). Esta citación notifícase xunto ao acordo de incoación, que no caso dos afectados inclúe formulario de aceptación.	Director/a		Retomárase o procedemento común nos seguintes casos: -Non hai aceptación de todas as partes. -Reunión de conciliación finalizada sen acordo. -Incumprimento das medidas correctoras acordadas.
		Aceptación de todas as partes.	Partes	1 día lectivo para aceptar (desde a recepción da notificación do acordo de incoación)	
		Reunión de conciliación, da que se levantará acta.	Instrutor/a	1 día lectivo para celebrar a reunión (desde o remate do prazo de aceptación)	
	RESOLUCIÓN	Ratificación do acordo consensuado na reunión.	Director/a		



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa

NORMATIVA:

- [Lei 4/2011, do 30 de xuño](#), de convivencia e participación da comunidade educativa.
- [Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro](#), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro](#), do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro](#), do réxime xurídico do sector público.

En [educonvives.gal](http://educonvives.gal) está dispoñible un mapa do procedemento corrector, así como modelos normalizados para utilizar no procedemento, e orientacións.